



DECRETO DE ALCALDÍA Nº 614/2017

ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA OBRA ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE CASTRO DE REI (PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017).

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo).

Visto que o Decreto de Alcaldía nº 583/2017, de 27 de novembro propuso á empresa "HERMANOS PICO YÁÑEZ S.L.", como licitador que tiña presentado a proposición máis ventaxosa aos intereses municipais para a execución da obra de referencia, facendo constar entre outros os seguintes aspectos:

"...Examinada a documentación procédese á apertura dos sobres A "Documentación administrativa" e sobres B "Oferta económica e Documentación" dacordo co recollido na Acta celebrada o día 27 de novembro de 2017 e asinada o 27 de novembro de 2017, co seguinte resultado:

- Hermanos Pico Yáñez S.L., presenta: Prazo de garantía das obras (a maiores do ano esixido): 0,5 anos; Mellora no prezo con IVE: 484 euros; Prezo sen IVE: 84.723;97€; Imposto sobre o valor engadido (IVE): 17.792,03€.

- Canarga S.L. presenta: Prazo de garantía das obras (a maiores do ano esixido): 0 anos; Mellora no prezo con IVE: 100 euros; Prezo sen IVE: 85.041;32€; Imposto sobre o valor engadido (IVE): 17.858,68€.

- Cholo S.L., presenta: Prazo de garantía das obras (a maiores do ano esixido): 0 meses; Mellora no prezo con IVE: 0,00 euros; Prezo sen IVE: 85.123;97€; Imposto sobre o valor engadido (IVE): 17.876,03€.

O resultado das ofertas económicas e documentación presentadas segundo os criterios de adxudicación previstos no prego de contratación da obra é o seguinte:

LICITADOR	PROPOSTA ECONÓMICA
LICITADOR: HERMANOS PICO YÁÑEZ S.L. Puntuación: 2,42 puntos	Ampliación do prazo de garantía: 6 meses. Mellora no precio con IVE: 484€
LICITADOR: CANARGA S.L. Puntuación: 0,5 puntos	Ampliación do prazo de garantía: 0 anos. Mellora no precio: 100 euros
LICITADOR: CHOLO S.L. Puntuación: 0 puntos.	Ampliación do prazo de garantía: 0 meses. Mellora no precio con IVE: 0 euros.

Vista a Resolución da Deputación Provincial de Lugo de data 31/05/17, con rexistro de entrada nº 1.700 de data 21 de xuño de 2017, sobre a autorización previa da citada obra co carácter de favorable, coas condicións sinaladas naquela.

Vista a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 20/06/17, con rexistro de entrada nº 1720 de data 22 de xuño de 2017, sobre autorización da obra acondicionamento e mellora de vías municipais no concello de Castro de Rei, co carácter de favorable coas condicións sinaladas naquela.

Vista a Resolución do Ministerio de Fomento, de 21/11/17, que tivo entrada no concello o día 24/11/17, co nº 3288, sobre autorización para realizar as obras de acondicionamento e mellora de vías municipais no concello de Castro de Rei, co carácter de favorable, coas condicións sinaladas naquela.

Vista a documentación presentada pola empresa Hermanos Pico Yáñez S.L., presentada o día 7 de decembro de 2017 co nº 3430.

Visto o escrito do Servicio de Xestión Tributaria e Recadación da Deputación Provincial de Lugo que tivo entrada no rexistro xeral co nº 3461 de data 11 de decembro de 2017, no que manifesta que a empresa Hermanos Pico Yáñez S.L., non téñ débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa xestión estivese suspendida.

O órgano de contratación en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local e do Decreto de Alcaldía 54/2016, de 7 de marzo (publicado no B.O.P. nº 79, de 7 de abril de 2016)

ACORDA:

Primeiro.- Avogar temporalmente, por razón de urxencia, a competencia delegada por esta alcaldía na xunta de goberno local en virtude do decreto de alcaldía nº 54/2016, de 7 de marzo.

Segundo.- Declarar válido o acto de licitación, e dacordo co artigo 151 do Texto refundido da lei de contratos do sector público descartar como licitadores ás empresas Canarga S.L., e a Cholo S.L, en base ás ofertas presentadas relativas á documentación contida no sobre B “Oferta económica e Documentación” do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación.

Terceiro.- Aprobar o gasto polo importe de cento dous mil cincocentos dezaseis euros, (102.516€) con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento 2017.

Cuarto.- Adxudicar o contrato da obra Acondicionamento e mellora de vías municipais no concello de Castro de Rei a, á empresa “Hermanos Pico Yáñez S.L.” provista do CIF B-27150572, por ser a oferta máis ventaxosa aos intereses municipais de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado para os efectos e de conformidade coa oferta proposta polo licitador, por un importe de oitenta e catro mil setecentos vinte e tres euros, con noventa e sete céntimos (84.723,97€) máis dezasete mil setecentos noventa e dous euros con tres céntimos (17.792,03€) son de IVE con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento do 2017.

O prezo total da obra ascende á cantidade de cento dous mil cincocentos dezaseis euros, (102.516€).

O prazo de garantía, segundo a documentación presentada polo licitador é de 0,5 anos a maiores do ano esixido no prego de cláusulas administrativas particulares, que rixe a contratación.



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

Quinto.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario así como ao restos dos licitadores excluídos.

Sexto.- Nomear como director da obra e coordinador a D. Alberto Flores Aguiar e notificar este nomeamento.

Sétimo.- Publicar o anuncio de adxudicación no perfil do contratante, procedendo á formalización do contrato e a súa publicación no devandito perfil de conformidade co disposto no artigo 154 do TRLCSP.

En Castro de Rei, a 12 de decembro de 2017.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE HADATA QUE FIGURA Á MARXE